

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 29 de xuño de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(651).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(652).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS EN BASE AO "PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS, PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2017". EXPTE. 132218/301.**

Visto o informe de fiscalización do 28/06/17, dáse conta do informe-proposta do 26/06/17, da xefa do servizo de Benestar Social, conformado polo asesor xurídico adxunto da área, polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Política Social:

## "I. ANTECEDENTES.

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 29.12.2016, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 132218/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2017 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 € destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=1776&lang=ga> e no BOP de Pontevedra nº 6 do 10 de xaneiro de 2017. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 24, do 03.02.2017, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.751 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. O procedemento de concesión das axudas previsto nas Bases pode esquematizarse do seguinte xeito:

–Os solicitantes debían cumprir os requisitos socio-económicos establecidos para adquirir a condición de beneficiario.

–A ditos solicitantes asignouselles unha puntuación en función da situación persoal ou da unidade de convivencia, segundo os criterios obxectivos das Bases.

–O crédito previsto para financiar o Programa (1.600.000 €) divídese entre o total dos puntos obtidos polos beneficiarios, dando así como resultado o valor económico de cada punto, que se multiplicou pola puntuación obtida por cada beneficiario para o cálculo da axuda a percibir. Reserváronse 40.000 € para atender, nunha segunda resolución, ás posibles reclamacións que se presenten.

I.7. Así, das 2.751 solicitudes presentadas, 1.947 resultarían estimadas e 804 desestimadas. De acordo coa Base 14ª, o crédito total dispoñible dividirase entre a suma dos puntos

obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto, que multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir. Así as cousas: 1.599.957,48 € (axuste á baixa de 1.600.000,00 €) / 17.132 puntos = 93,39 €/punto.

Como se indicou, a cantidade a percibir en cada caso (Anexo I) é o resultado de multiplicar ese valor do punto polo número deles obtidos por cada beneficiario, en función dos seus ingresos e número de membros da unidade de convivencia.

I.8. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta de data 15.06.2017).

I.9. Da información que obra en poder deste Departamento resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas; o que se pon de manifesto para os efectos do indicado na Base 13.1. do Programa.

I.10. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas.

I.11. Por razón do obxecto destas axudas extraordinarias e tendo en conta a necesaria protección do dereito á intimidade dos solicitantes, non se inclúen nos Anexos da Resolución desta convocatoria que serán obxecto de publicación os nomes e apelidos das persoas ás que se lles concedeu ou denegou a axuda. Uns e outros serán debidamente identificados co seu correspondente número de DNI/NIE/Pasaporte e a súa solicitude co número de documento do Rexistro de entrada no Rexistro xeral municipal. Nas concedidas, indicarase tamén o importe da axuda e, nas denegadas, a causa concreta da denegación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder ás 1.947 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 170.015.178 e remata co nº 170.033.926), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2017». O gasto total (1.599.957,48 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: *“Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”*.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 804 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 170.015.193 e remata co nº 170.072.540) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(653).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA TEIS, PARA A ORGANIZACIÓN DO "26 GRAN PREMIO CICLISTA TEIS", A REALIZAR O 02/07/174. EXPTE. 16119/333.**

Dáse conta do informe-proposta do 28/06/17, do director deportivo-xefe da ud.técnica, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes:

"1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Ciclista Teis, con CIF (G-36754323), solicitou o día 26-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170060038), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 26º GRAN PREMIO CICLISTA TEIS
- Data: 2 de xullo de 2017
- Horario: 10.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 2 de xullo de 2017; a proba comezará ás 10.00h cunha xincana diante do mercado de Teis e continuará co percorrido seguinte: Sanjurjo Badia, Enrique Lorenzo, Av. Guixar e Julian Estévez.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

Por outra banda, a organización conta cos preceptivos seguros de accidentes e de responsabilidade civil.

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Teis, con CIF (G-36754323), a organizar o vindeiro domingo 2 de xullo de 2017, a proba deportiva denominada 26º GRAN PREMIO CICLISTA TEIS, proba deportiva que comezará ás 10.00 h cunha xincana diante do mercado de Teis e continuará cun percorrido polas rúas Sanjurjo Badia, Enrique Lorenzo, Av. Guixar e Julian Estévez."

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **4(654).- CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPORADA 2016/2017. EXPTE. 15826/333.**

Visto o informe xurídico do 10/02/17 e o informe de fiscalización do 27/06/17, dáse conta do informe-proposta do 26/06/17, do director deportivo-xefe da ud. tca., conformado polo concelleiro-delegado de Deportes:

"Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 15826/333 sobre a proposta de resolución das Bases e a Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola súa actividade na tempada deportiva 2016/2017, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 22 de xuño de 2017, no que se solicita a aclaración sobre algunhas cuestións, procédese a informarse sobre as consideracións detalladas no dito informe e á modificación da proposta atendendo ás observacións realizadas:

- O informe de fiscalización fai constar que o Informe-Proposta de resolución non consta informe acreditativo de que da información que ten no seu poder o órgano instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007. Sobre esta cuestión, faise constar que corrixiuse o informe proposta engadindo tal extremo.
- O informe de fiscalización fai constar da mesma forma que "detectouse que o importe que figura coma subvención do Concello de Vigo no orzamento de ingresos é distinta e inferior á subvención solicitada no formulario de petición da subvención...o que conleva que no caso das solicitudes que reflexan unha cantidade maior ca indicada no orzamento de ingresos, se produza un exceso das axudas...o que non permite o artigo 19 da LXS o o artigo 17 da LSG". Sobre esta cuestión, faise constar que revisáronse o 100% das solicitudes e, nos casos nos

que se detectou a dita circunstancia contactouse coas entidades deportivas solicitantes para que remendaran os orzamentos, cuestión satisfeita en todos os casos.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

#### I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 12 de xuño de 2017 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Director deportivo-xefe da unidade técnica, e un funcionario da área de deportes como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a avaliación das solicitudes farase tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, e que os datos a puntuar corresponderán ás actividades da tempada 2016-2017, sobre un máximo de 97 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

##### a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia da modalidade e da entidade deportiva no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 30 puntos, según os seguintes criterios:

##### De 0 a 10 puntos:

a aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio-baixo nun entorno xeográfico determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base ou de categoría absoluta.
- Volume porcentual medio da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente local, provincial ou autonómico.

De 11 a 20 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio-alto no entorno xeográfico cidade de Vigo.
- Orientado ó deporte de base e/ou de categoría absoluta.
- Volume porcentual medio-alto da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito fundamentalmente autonómico ou nacional.
- De longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

De 21 a 30 puntos: Aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, cumpren algunhas das seguintes características:

- Un impacto considerable no entorno xeográfico da cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Volume porcentual medio-alto da entidade en función do volume total de licencias da modalidade na cidade e do total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel de competicións de ámbito autonómico, nacional ou internacional.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, de longa tradición e arraigo na cidade de Vigo.

a.2. Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase a repercusión mediática e social da actividade, o nivel deportivo dos participantes, o volume de actividade, o volume de espectadores, o interés público da actividade, o custo da actividade... Para a valoración, terase en conta o proxecto presentado, que incluírá, ademais, un orzamento de ingresos-gastos detallado. A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo. Para ser tido en conta este criterio, a entidade deberá obter, como mínimo, 3 puntos no apartado, valorándose, como máximo, 1 evento por entidade. Ata 25 puntos según os seguintes criterios:

a.2.1. De 0 a 2 puntos:

A aqueles proxectos que, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Non cumpran as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable.
- Non cumpran cos criterios establecidos nos apartados a.2.2., a.2.3.ou a.2.4.
- Volume baixo de participación.
- Volume baixo de asistencia de público.

a.2.2. De 3 a 10 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión medio nun entorno determinado da cidade de Vigo.
- Orientado fundamentalmente ó deporte de base.
- Volume medio de participación.
- Volume medio de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito local, provincial ou autonómico.

a.2.3. De 11 a 20 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto e repercusión alto na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito galego.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

a.2.4. De 21 a 25 puntos:

A aqueles proxectos que, reunindo as condicións mínimas establecidas na convocatoria para que un proxecto sexa técnica e economicamente viable, o proxecto ou proxectos realizados

ou previstos, a xuízo da comisión de avaliación, teñen algunhas das seguintes características:

- Un impacto considerable na cidade de Vigo a nivel mediático e/ou social.
- Repercusión de ámbito nacional ou internacional.
- Nivel elevado da competición.
- Carácter oficial da competición.
- Volume alto de participación.
- Volume alto de asistencia de público.
- O proxecto supón a continuidade dun proxecto anterior, que polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, foi avaliado positivamente pola concellería de deportes, o que lle outorga un valor engadido ó proxecto.
- De ámbito nacional ou internacional.
- De longa tradición na cidade de Vigo.

b) Promoción do deporte base:

b.1. Participación no Programa Municipal de Escolas Deportivas; terase en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas no curso 2016/2017. Para este criterio utilizaranse os datos obrantes no servizo de deportes: Ata 5 puntos.

- De 15 a 50 escolares = 1 punto.
- De 51 a 100 escolares = 2 puntos.
- De 101 a 150 escolares = 3 puntos.
- >150 escolares = 5 puntos.

b.2. Número de licencias ata categoría xuvenil incluída. Ata 15 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación (\*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 10 puntos: De 151 a 250 licencias.
- 12 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 15 puntos: >300 licencias.

Volume de licencias de base ata categoría xuvenil e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 450 licencias.
- 5 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 10 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 15 puntos: > de 999 licencias.

b.3. Número de licencias de categoría feminina: Ata 5 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (\*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 75 licencias.
- 5 puntos: >75 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 75 a 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.



-3 puntos: De 301 a 400 licencias.

-5 puntos: >400 licencias.

c) Deporte e discapacidade: 2 puntos. Outorgaranse 2 puntos ós proxectos deportivos cuxo fin estea orientado fundamentalmente á discapacidade, e que cumbran cos requisitos da convocatoria.

d) Estrutura da entidade deportiva:

d.1. Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 10 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 10, por cada 1.000,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2016. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 1.000,00€ de gasto acreditado.

d.2. Estrutura técnica: Ata 3 puntos. Valorarase o volume de persoal técnico contratado. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a documentación que acredite axeitadamente a titulación ou licencia presentada. A licencia deberá ser da tempada subvencionada, e deberá presentarse a documentación que acredite que o persoal técnico está dado de alta no réxime laboral axeitado.

- Título oficial específico da modalidade Nivel III ou equivalente, ou Título de Licenciado/Graduado en CCAFD : 1 punto por licencia ou título.
- Título oficial específico da modalidade Nivel II ou equivalente: 0,5 puntos por licencia ou título.
- Título específico Nivel I ou equivalente, ou título de TSAFD: 0,25 por licencia ou título.

e) Emprego do Galego: Ata 2 puntos. Valoraranse os proxectos de comunicación presentados polas entidades que acrediten suficientemente que están desenvolvidos en lingua Galega. O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valorarase ata 2 puntos. Na valoración deste criterio terase en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade, e en concreto, valorarase:

- 1 punto pola utilización da lingua galega no espazo web actualizado da entidade (páxina web, blog...). As entidades deberán detallar, nos proxectos de comunicación que presenten na solicitude, o/os enlaces ós espazos web ao obxecto de realizar as comprobacións necesarias por parte do servizo xestor.
- 0,5 puntos pola utilización do galego nos documentos de comunicación administrativa interna, de comunicación con deportistas, pais, nais e asociados... Para a valoración das solicitudes as entidades presentarán copia dos documentos tipo utilizados ó longo da tempada deportiva, que acrediten suficientemente o emprego do galego como lingua vehicular.
- 0,5 puntos pola utilización do galego nos documentos remitidos ós medios de comunicación, crónicas, comunicados oficiais... Para a valoración desta cuestión, as entidades presentarán as notas de prensa remitidas ós medios de comunicación ó longo da tempada deportiva e demais documentación que acredite a utilización do Galego nas relacións da entidade con persoas e entidades alleas á mesma.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2016/2017, ou en calquera caso, no ano 2017 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

A esta convocatoria presentáronse un total de 174 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 169 e rexeitáronse 5 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II.

Da avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes é de 1.126,5 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 750.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 665,78€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente. Esta circunstancia xera un importe “excedente”, que se procedeu a redistribuír proporcionalmente, atendendo ós puntos obtidos na valoración, entre o resto de entidades. O valor unitario do incremento do punto acada un importe de 68,21€ para as entidades entre as que se redistribuíu o importe excedente.

A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de equipos e licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos polas Federacións Deportivas de cada modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social, a Facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo. Da mesma forma, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€, poden acreditar que non teñen débedas coas administracións públicas mediante a presentación dunha declaración responsable. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 12 de xuño de 2017, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No apartado de Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local. Neste punto, tivéronse en conta as fases autonómicas e/ou nacionais organizadas e/ou superadas polos diferentes equipos das entidades, os campionatos de promoción das modalidades organizados polas entidades, etc.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano Colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 1126,5 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 750.000,00€, o valor unitario inicial de cada punto se concreta en 665,78€. Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente. Esta circunstancia xera un importe “excedente”, que se procedeu a redistribuír proporcionalmente, atendendo ós puntos obtidos na valoración, entre o resto de entidades. O valor unitario do incremento do punto acada un importe de 68,21€ para as entidades entre as que se redistribuíu o importe excedente.

A comisión de valoración decidiu aplicar un redondeo ós importes definidos ó aplicar o valor unitario do punto á puntuación acadada por cada unha das entidades beneficiarias, entendendo que este redondeo non supón unha variación significativa dos importes (como se detalla no Anexo I).

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1. Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2016/2017 segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 750.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2017.
2. Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:

Por presentar a solicitude fora de prazo:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
CLUB PETANCA E CHAVE OS MUÍÑOS	G36727246	170066235
CLUB CHAVE E PETANCA VALLADARES	G36796316	170063350
ASOC. SOCIODEP. ALTER-NATIVA	G27776459	170068984

Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.2, que establece que, en relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
CLUB DEPORTIVO A PAZ 03	G36924249	170053928

Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.5, que establece que os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	170057298

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIONS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA ESPECIFICA PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACION A SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2016-2017.**

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
1	CLUB SUBACUATICO BAHIA DE VIGO	G-36655983	1	733,99 €
2	AGRUPACIÓN VIGUESA ATLETISMO	G-36645109	11	8.073,92 €
3	C.A.R MARISQUEIRO	G-27737477	1	733,99 €
4	COMESAÑA SPORTING CLUB	G-36645257	17	12.477,87 €
5	SD ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G-36645018	8	5.871,94 €
6	CLUB BADMINTON RACHAPLUMAS	G-27709500	8	5.000,00 €
7	BASQUET RIAS BAIXAS	G-27777127	5	3.669,96 €
8	CLUB BALONCESTO ANDERSEN	G-36960375	2	741,55 €
9	CLUB BALONCESTO RODABALLO	G-36815413	2	1.000,00 €
10	CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G-36942142	35	25.689,73 €
11	CLUB BALONCESTO XESTAS	G-36884674	1	733,99 €
12	CLUB DEPORTIVO VGO BASKET	G.27804889	7	5.137,95 €
13	CLUB NOVOBASKET VIGO	G-36756831	12	4.000,00 €

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
14	C.B. SAN JOSE DE LA GUIA	G-36756831	6	4.403,95 €
15	UNION BALONMAN LAVADORES	G-36810075	24	17.615,81 €
16	TRASNOS BEISBOL CLUB	G-27750645	6	4.403,95 €
17	CLUB BOLOS VALLADARES SAN BARTOLOME	G-27738962	3	2.201,98 €
18	CLUB DE BOLOS CELTAS VALLADARES	G-36881316	1	733,99 €
19	CLUB BOWLING CELTA	G-36685345	3	2.201,98 €
20	CLUB POLIDEPORTIVO SAUDADE	G-36662344	5	3.669,96 €
21	CLUB CICLISTA BICI VERDE	G-36814515	2	1.467,98 €
22	CLUB CICLISTA CORUXO	G-27710730	4	2.500,00 €
23	CLUB CICLISTA RIA DE VIGO	G-36745107	2	1.467,98 €
24	CLUB CICLISTA TEIS	G-36754323	5	3.669,96 €
25	CLUB CICLISTA VIGUES	G-36650885	30	22.019,77 €
26	CLUB PEÑA CICLOTURISTA TRAVIESAS	G-36703213	2	1.467,98 €
27	AG. DEP. TAMIAR APAMP	G-36657450	3	2.201,98 €
28	ASOCIACION DEPORTIVA MENELA	G-36817575	3	2.201,98 €
29	CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G-36814093	3	2.201,98 €
30	CLUB MINAUTA	G-36834240	3	2.201,98 €
31	CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G-36819779	3	2.201,98 €
32	ASOC.PLAYA DE SAMIL	G-36918084	3	2.201,98 €
33	CLUB ESGRIMA DE VIGO	G-36869873	10	7.339,92 €
34	FALCATA	G-27775808	1	733,99 €
35	CLUB ARADELAS ESPEOLOGIA	G-36642247	3	1.800,00 €
36	ASOC.DEPORTIVA LAVADORES CF	G-36770931	7	5.137,95 €
37	BALAIOS FC	G-36737724	16	7.900,00 €
38	C.CULTURAL A.R.VALLADARES	G-36617082	8	5.871,94 €
39	C.D. SAMPAYO	G-36654564	2	1.467,98 €
40	C.D. VALLADARES	G-36629657	3	2.201,98 €
41	CLU DE FUTBOL SAN ESTEBAN	G-36733020	2	1.467,98 €
42	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G-36743433	9	6.605,93 €
43	CLUB DEPORTIVO NIETO	G-36687309	7	5.137,95 €
44	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G-36649283	33	16.000,00 €
45	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084	14	8.200,00 €
46	MOLEDO CLUB FUTBOL	G-36734226	5	3.669,96 €
47	RACING DE CASTRELOS FC	G-36710762	7	5.137,95 €
48	RAPIDO DE PEREIRO FC	G-36874832	8	5.871,94 €
49	UVCD CANDEAN	G-36863348	8	5.871,94 €
50	C.D. TEIS	G-36752640	7	5.137,95 €
51	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G-36647311	13	8.000,00 €
52	CLUB DEPORTIVO A GUIA	G-36645612	11	8.073,92 €
53	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G-36690519	8	5.871,94 €
54	CLUB DEPORTIVO COYA	G-36753911	11	8.073,92 €
55	CLUB RÁPIDO DE BOUZAS	G-36711513	38	27.891,71 €
56	GRAN PEÑA, C.F.	G-36663656	10	7.339,92 €
57	INDEPENDIENTE, C.F.	G-36710416	20	14.679,85 €
58	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G-36684124	17	8.500,00 €
59	UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARÍA	G-36628774	22	10.000,00 €

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
60	ANPABAL FUTBOL CLUB	G-27758168	5	3.669,96 €
61	C.D.A.P.A.Z F.S.	G-27785039	5	1.890,00 €
62	CENTRO CULTURAL E RECREATIVO CABRAL	V-36658680	2	1.467,98 €
63	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL VALLADARES	G36805158	6	4.403,95 €
64	CLUB CIOS VIGO	G.36795680	12	8.807,91 €
65	CLUB UNION FS	G-27758598	4	2.935,97 €
66	ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G-36982239	17	12.477,87 €
67	IES CORUXO FS	G-27726835	5	3.669,96 €
68	TREBOADA FS SAN SALVADOR	G-36645075	5	3.000,00 €
69	C.D. AVCR SAN MAMEDE ZAMÁNS	G-36691855	2	800,00 €
70	C.D. MOSTEIRO BEMBRIVE, F.S.	G-36886422	20	10.000,00 €
71	CLUB MARISTAS EL PILAR	G-36690782	5	3.669,96 €
72	PECHECHES FÚTBOL SALA	G-27778521	7	5.137,95 €
73	REAL AERoclUB DE VIGO	G-36610384	4	2.935,97 €
74	CLUB HALTEROFILIA VIGO	G-36757623	3	1.600,00 €
75	CD. ESTABLOS VIGO	G-36982296	2	1.467,98 €
76	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G-36680239	11	7.000,00 €
77	ASOCIACION DEPORTIVA FAMU	G-36681633	18	13.211,86 €
78	CLUB KENDO VIGO-FUJI DOJO	G-27709120	1	500,00 €
79	JUDO CLUB GALICIA SUR	G-27781541	4	2.935,97 €
80	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G-36870160	12	8.807,91 €
81	AVCD CABRAL	G-36651073	3	2.201,98 €
82	CLUB DE LOITA CIDADE DE VIGO	G-36955565	4	2.935,97 €
83	CLUB DE LUCHA EL CASTRO	G-36707586	3	2.201,98 €
84	CLUB LOITA SAN IGNACIO	G-36708303	8	5.871,94 €
85	KUZUSHI	G-36696227	3	2.201,98 €
86	CLUB DE MONTAÑA XISTRA	G-36743540	2	1.467,98 €
87	CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIRO DE GALICIA	G-36630192	3	2.201,98 €
88	SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G-36850378	10	7.339,92 €
89	C.N.VIGO RIAS BAIXAS	G-36827079	19	13.945,85 €
90	CLUB NATACION SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO	G-27763812	11	8.073,92 €
91	PADEL FEMENINO CIES	V-27713759	5	3.669,96 €
92	CLUB AS RODAS PATINAXE ARTISTICA	G-36645091	21	15.413,84 €
93	CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTISTICA	G-36811974	8	5.871,94 €
94	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G-27722305	4,5	3.302,96 €
95	CLUB PATIN VAGALUME	V-36982304	12	8.807,91 €
96	CLUB VIEJA ESCUELA ROLLER	G-36571123	3	2.201,98 €
97	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA XESTAS	G-36628543	1	733,99 €
98	CLUB PETANCA O FORO	G-27753284	1	733,99 €
99	CLUB PETANCA SABAJANES	G-36646271	1	733,99 €
100	CLUB CUATRO CAMINOS	G-27753466	1	733,99 €
101	CLUB PETANCA BREOGAN	G-36802247	1	733,99 €
102	CLUB PETANCA CARAPUCHA	G-27779446	1	733,99 €
103	CLUB PETANCA ENSINO	G-36798866	5	3.000,00 €
104	CLUB PETANCA GALICIA	G-36881639	1	733,99 €
105	CLUB PETANCA MADROA	G-27722354	1	733,99 €

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
106	CLUB PETANCA O XULIO	G-36792984	1	733,99 €
107	CLUB PETANCA TEIS	G-36288413	1	733,99 €
108	CLUB PETANCA VIGO	G-36702413	2	1.467,98 €
109	CLUB PETANCA BEMBRIVE	G-36816114	1	733,99 €
110	CLUB KAYAK VIGO	G36978559	7	5.137,95 €
111	CLUB PIRAGUISMO OLIVICO	G-27822006	7	5.137,95 €
112	CLUB DE REMO CORUXO	G-36726750	17	12.477,87 €
113	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	G-36650273	4	2.935,97 €
114	CLUB REMEIROS DE VIGO	G-27810688	1	733,99 €
115	CLUB SQUASH RIA DE VIGO	G-27736438	4	2.935,97 €
116	VIGO SQUASH	G-36929511	10	7.339,92 €
117	PRADO SURF CLUB	G-36850014	1	733,99 €
118	A.D. KIAP	G-36788594	3	2.201,98 €
119	AS SPORT VIGO	G-27749837	3	2.201,98 €
120	CLUB DEPORTIVO SEUN GSPORT	G.27810761	1	733,99 €
121	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G-36613685	7	5.137,95 €
122	C.D. TENIS DE MESA HELIOS BEMBRIVE	G-27762483	4	2.935,97 €
123	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G-36807881	2	1.467,98 €
124	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G-27730597	6	4.403,95 €
125	A.D.CASTRO SAN MIGUEL	G-36657856	5	3.669,96 €
126	CLUB MONTAÑEIROS CELTAS	G-36637890	4	2.935,97 €
127	A.D. MONTECASTELO	G-36747574	5	3.669,96 €
128	ANPA COUTADA BEADE	G-36616837	2	1.467,98 €
129	ASOCIACION DEPORTIVA LOPE DE VEGA	G-36886992	3	2.201,98 €
130	C.D. COLEGIO MARIANO	G-36649408	10	2.500,00 €
131	CIRCULO MERCANTIL E INDUST	G-36614097	3	2.201,98 €
132	GIMNASIO CLUB SIMÓN	G-36886901	4	2.935,97 €
133	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G-36630127	3	2.201,98 €
134	LICEO MARITIMO DE BOUZAS	G-36613081	3	2.201,98 €
135	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G-36990109	8	5.871,94 €
136	BLACK VOLEY VIGO	G-27747864	2	1.000,00 €
137	FIT SPORT	G-36988947	1	733,99 €
138	XADREZ LUCENA	G-36893154	3	2.201,98 €
139	MANIOTAS	G-36684819	22	16.147,83 €
140	CLUB FLIC FLAC	G-36931582	25	18.349,81 €
141	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G-36846608	15	11.009,88 €
142	CSCR BEADE	G-36632081	7	5.137,95 €
143	VIGO 90,S	G-27792605	1	733,99 €
144	ARENAS DE ALCABRE SCD	G-36823912	19	13.945,85 €
145	CLUB MOTO-BOX	G-36973105	1	733,99 €
146	CLUB VETERANOS SAMIL	G-36841906	1	400,00 €
147	CLUB ESGRIMA CIUDAD DE VIGO	G-36888543	1	733,99 €
148	CLUB PETANCA GALAICOS	G-27840750	1	733,99 €
149	VETERANOS DE TEIS C.F.	G-36916401	1	733,99 €
150	CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G-36875391	17	4.500,00 €
151	CLUB XADREZ DR.CASÁS VILA DE BOUZAS	G-36918613	5	600,00 €

	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	IMPORTE
152	ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO	G-27808575	1	733,99 €
153	CLUB BALONMANO PLAYA PAINKILLERS	G-27768118	3	2.201,98 €
154	CENTRO BUDO CASTRELOS	G-36680106	8	2.000,00 €
155	ASOCIACION DEPORTIVA BASKETGAL	G- 27817584	3	2.201,98 €
156	AGRUPACION DEPORTIVA SODIM	G-27727965	4	2.200,00 €
157	AGRUPACION GALICIA SOCIAL	G-36622934	13	4.945,00 €
158	YIDAN-CEIP BALAIOS	G-27782176	2	1.467,98 €
159	CLUB ESCUELA ROSALÍA	G-27827856	5	2.500,00 €
160	CLUB APOSTOL SANTIAGO	G-36646446	7	2.999,00 €
161	CLUB PEÑASCO	G-27804970	3	500,00 €
162	ADN RUNNERS TELMO PELUQUEROS	G-27766641	1	733,99 €
163	CLUB DEPORTIVO SAGABOX	G-36987626	3	1.500,00 €
164	CLUB INDEPENDIENTE	G-36894749	1	600,00 €
165	C.T.M. VIGO	G-27779016	1	733,99 €
166	S.D. CLUB MARCOTE	G-36658052	2	1.467,98 €
167	CLUB NATACION TRAVIESAS	G-36823524	2	1.467,98 €
168	CLUB PATINAXE ART. VALLADARES	G-36765733	7	5.137,93 €
169	CLUB DE BAILE DEPORTIVO AL COMPAS	G-27711597	3	1.000,00 €

**ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2016-2017”.**

Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:

Por presentar a solicitude fora de prazo:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
CLUB PETANCA E CHAVE OS MUÍÑOS	G36727246	170066235
CLUB CHAVE E PETANCA VALLADARES	G36796316	170063350
ASOC. SOCIODEP. ALTER-NATIVA	G27776459	170068984

Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.2, que establece que, en relación coa modalidade de fútbol sala, só poderán participar nesta convocatoria os clubs que acrediten ter, polo menos, dous equipos federados en categorías inferiores.

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
CLUB DEPORTIVO A PAZ 03	G36924249	170053928

Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.5, que establece que os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	170057298

**5(655).- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIONES E PROPOSTA DE IMPOSICIÓN DE SANCIÓN DISCIPLINARIA AO EMPREGADO MUNICIPAL NP 83292. EXPTE. 7723/612.**

Dáse conta do informe-proposta do 29/06/17, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

"Vistas as distintas actuacións practicadas no expediente disciplinario de referencia e o informe do instrutor do expediente disciplinario de data 28/06/2017, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, en virtude da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, eleva a seguinte proposta de acordo de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local,

**PROPOSTA DE ACORDO**

**I.- ANTECEDENTES**

1.- O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica (por Delegación competencial efectuada en Decreto do alcalde de data 19/06/2016 e acordo da XGL da mesma data), en data 07/07/2016, ditou resolución incoando expediente disciplinario ó emprego municipal con número de persoal 83.292, ós efectos de dilucidar e esclarecer a presunta comisión de falta disciplinaria grave ou moi grave, nos termos do dispostos no artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.

Tamén, na citada resolución, designábase instrutor ó funcionario técnico de administración xeral, SOF, xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo do Concello, e secretario ó funcionario técnico de administración xeral, RH-CV, adscrito ó Servizo de Medio Ambiente.

Asimesmo, outorgábase un trámite de audiencia ós interesados por termo de 15 días, para formular as alegacións procedentes en defensa dos seus dereitos, informándolles que poderían promover a recusación do instrutor e secretario consonte ó dispostos no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.- A dita resolución notificouse, entre outros, ó inculpado en data 09/08/2016, sen que presentara ningunha alegación.

3.- Constan no expediente os seguintes informes e documentación de relevancia:

- Informe do escape da tigresa Kenia do veterinario das instalacións do zoolóxico municipal (en adiante VigoZoo), AAR, de data 19/06/2016 (folio 2 e 3).
- Informe do acontecido da coidadora de VigoZoo, BRP, de data 19/06/2016 (folio 4).
- Informe do acontecido do coidador inculpado de VigoZoo, núm. Persoal 83292, de data 19/06/2016 (folio 5).
- Exposición dos feitos acontecidos na semana do 13 ó 19 de xuño de 2016 no tocante á alimentación e peche dos animais en Vigo Zoo da coidadora, BRP (folios 9 a 11).



- Informe e documentación anexa do director de réxime interior de VigoZoo, FCV, de data 27/06/2016 (folio 16 a 25).
- Informe do acaecido nos días anteriores ó escape de Kenia do veterinario de VigoZoo, AAR, de data 27/06/2016 (folios 26 e 27).
- Informe sobre protocolos en vigor en VigoZoo e documentación anexa do citado veterinario de data 27/06/2016 (f.28 a 35).
- Informe sobre incidente da tigresa Kenia e documentación anexa do capataz de VigoZoo, F ADB, de data 27/06/2016 (f. 36 a 128).
- Informe incidente tigresa Kenia e documentación anexa do conservador de VigoZoo, JJVA, de data 27/06/2016 (f. 129 a 136).

4.- Asimesmo, incorporáronse ó expediente e resultan relevantes as actas de toma de declaración ante o instrutor, en presenza do secretario, seguintes:

- Acta de toma de declaración realizada ó inculpado, oficial coidador das instalacións de VigoZoo, con núm. persoal 83.292, en data 20/01/2017 (folios 149 a 158).
- Acta de toma de declaración realizada á oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, B RP, en data 24/01/2017 (folios 162 a 166).
- Acta de toma de declaración realizada á coidadora das instalacións de VigoZoo, MCGA, en data 24/01/2017 (folios 167 a 169).
- Acta de toma de declaración realizada ó capataz municipal das instalacións de VigoZoo, D. FADB, en data 26/01/2017 (folios 170 a 173).
- Acta de toma de declaración realizada ó veterinario das instalacións de VigoZoo, AAR, en data 26/01/2017 (folios 174 a 177).
- Acta de toma de declaración realizada á oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, MJAP, en data 30/01/2017 (folios 186 a 188).

5.- O instrutor do procedemento formulou prego de cargos contra o inculpado en data 25/05/2017.

6.- O prego de cargos foi notificado ó inculpado, con núm. persoal 83.292, o cal rechazou recoller a notificación en fecha 25/05/2017.

7.- FLBP en representación do empregado municipal con núm. Persoal 83.292, formulou escrito de alegacións en data 02/06/17 (doc. 170079309) que se incorporou ó expediente.

8.- O instrutor do procedemento disciplinario en data 12/06/2017, formulou proposta de resolución con imposición de sanción disciplinaria.

9.- A dita proposta de resolución foi notificada ó Comité de Empresa en data do 12/06/2017 e ó inculpado, no lugar indicado polo seu representante, en data 13/06/2017, outorgándolles un trámite de audiencia por termo de dez días con posta de manifesto do expediente.

10. - O empregado municipal con núm. Persoal 83.292, con data de presentación en Correos do 23/06/2017 e de entrada neste Concello do 26/06/2017 (doc. 170092549), formulou escrito de alegacións contra á proposta de resolución.

Non consta presentación de alegacións polo Comité de Empresa.

## II.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999.
- Disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común.
- Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.
- Demais normativa de concordante aplicación.

## III.- FEITOS PROBADOS

Primeiro.- Queda probado que luns 13 de xuño de 2016, o traballador municipal, con núm. persoal 83.292, incumpriu os protocolos de actuación relativos a alimentación e peche dos animais potencialmente perigosos toda vez que o inculpado procedeu a realizar as tarefas sen contar coa súa compañeira e ordenoulle a esta que, tamén, fora en solitario. Protocolos de actuación que o inculpado admitiu coñecer e que establecen que os coidadores da quenda de tarde de VigoZoo deben ir os dous xuntos a realizar as tarefas de alimentación e peche dos animais perigosos.

Isto resultas das seguintes dilixencias:

a) Das instrucións e protocolos establecidos:

Queda probado que a alimentación e peche dos animais perigosos que se realiza nas instalación de VigoZoo na quenda de tarde debe realizarse polos dous oficiais coidadores “xuntos” segundo formación, instrucións e protocolos establecidos para realizar estes traballos, os cales eran coñecidos polos oficiais coidadores.

Así se constata nas seguintes dilixencias obrante no expediente:

1.- Informe do veterinario de VigoZoo, AAR, de data 27/06/2016 (folios 26 e 27) no que sinala:

*“Inda que nos protocolos se recolle que o peche dos animais perigoso o teñen que facer os dous coidadores da quenda de tarde (...)”*

2.- Informe e documentación anexa do veterinario de VigoZoo, AAF, da mesma data 27/06/2016 (folios 28 a 35) nos que se fai mención a diversos protocolos que anexa sobre manexo de félicos.

No protocolo 1 de cuidadores en quenda de tarde indícase sobre a execución dos traballos do oficial cuidador 1 “20:15 horas, inicio do peche dos animais e ronda de vixilancia. Xunto co cuidador II, deberá realizar o peche e alimentación (estipulada pola dietas) dos animais perigosos (felinos, osos e lobos)” (folio 30).

No protocolo 1 de cuidadores en quenda de tarde indícase sobre a execución dos traballos do oficial cuidador 2 “(...) Xunto co cuidador I, deberá realizar o peche e alimentación (estipulada por dietas) dos animais perigosos (felinos, osos e lobos)” (folio 31 volta).

No protocolo “tarefas básicas diarias”, quenda de tarde, oficial cuidador 1 indícase “(...) 12. Realizar as operacións de apertura e peche de animais segundo demande o servizo e indicacións técnicas en colaboración co cuidador 2” (folio 33). ¿PUEDE CONTRADECIRSE UN POCO CON LO ANTERIOR NO?

3.- Informe do capataz municipal das instalacións de VigoZoo, FADB, de data 27/06/2016 (folios 36 e 37) no que indica:

“(...) Nesa semana e en días anteriores, tanto a Sra. RP como á outra Coidadora de recente alta como tal no Servizo, Sra. AA, se lles comentou repetidas e varias veces que as operacións de peche de animais tiñan que realizadas xunto ao/aos outros cuidadores da quenda de tarde, e que en caso contrario tiñan que advertilo para poder tomar as medidas oportunas”.

4.- Informe do conservador de VigoZoo na semana dos feitos obxectos deste expediente, JJVA” de fecha 27/06/2016 e documentación anexa, no que tamén sinala o indicado no protocolo 1, cuidadores en quenda de tarde, para a alimentación e peche dos animais perigosos.

5.- Declaración realizada ante o instrutor polo capataz municipal das instalacións de VigoZoo, FAD B, en data 26/01/2017 (folios 170 a 173), na que declara:

“(...)

3ª PREGUNTA: É vostede coñecedor de que os protocolos de VigoZoo de Oficiais Cuidadores I e II de quenda de tarde establecen expresamente que a alimentación e peche dos animais perigosos (felinos, osos e lobos) deben realizalos o cuidador I e o cuidador II xuntos.?

R.: Si, pero descoñezo se foron entrados formalmente os cuidadores. En todo caso, verbalmente foi transmitida ós cuidadores e é de coñecemento xeral.

4ª PREGUNTA: Describa brevemente como é o procedemento establecido para alimentación e peche dos animais perigosos (felinos, osos e lobos) na quenda de tarde?

R.: Na hora establecida de peche, teñen que ir os dous cuidadores xuntos a realizar a tarefa de alimentación e peche. Para depositala comida dentro do habitáculo, hai que verificar que o animal non se atopa dentro porque hai ocasións en que por cuestións climáticas ou de outra índole hai orde de que as guillotinas que dan acceso ó exterior deben permanecer abertas para que poidan refuxiarse no interior. De seguido, collen a ración de alimento e deposítana no interior do habitáculo. Péchase

*a porta cos dous pasadores e cos dous candados. A continuación, ábrese a guillotina e se entra o animal vólvese a pechar para que quede dentro e así ata o día seguinte.*

*As instalacións actuais existen aproximadamente dende o ano 1996.*

5ª PREGUNTA: Diga se é certo se os oficiais coidadores que prestan servizos nas instalacións de VigoZoo son coñecedores deses protocolos de alimentación e peche dos animais perigosos (felinos, osos e lobos)?. Tamén son coñecedores de ditos protocolos o persoal de novo ingreso contratado laboral temporal?

*R.: Si, porque se ten reiterado en numerosas ocasións verbalmente. Tamén, son coñecedores destes protocolos o persoal de novo ingreso contratado laboral temporal.  
(...)"*

6.- Declaración realizada ante o instrutor polo veterinario das instalacións de VigoZoo en data 26/01/2017 (folios 174 a 184), na que declara:

*"3ª PREGUNTA: Describa brevemente como é protocolo establecido para a alimentación e peche dos animais perigosos (felinos, osos e lobos) na quenda da tarde?*

*R.: O procedemento é que os dous coidadores vaian xuntos, en verán a partir das 8:00 h e en inverno a partir das 6:30 h.. Un coidador é o responsable de abrir as portas, poñer a comida dentro e pechalas portas e o outro solo fai labores de supervisión de seguridade para evitar que queden os pasadores e os candados sen pechar.*

4ª PREGUNTA: Cal é o obxectivo deste protocolo no que atinxe a alimentación e peche dos animais perigosos (felinos, osos e lobos)?.

*R.: O obxectivo é por seguridade, tanto para evitar que escapen animais como que lle poida pasar algún accidente a algún dos traballadores.*

5ª PREGUNTA: Por qué existe nos protocolos a diferenciación da alimentación e peche dos animais perigosos (felinos, osos e lobos) respecto doutros animais do parque zoolóxico de VigoZoo?

*R.: Porque os animais perigosos (felinos, osos e lobos) son os que realmente supoñen un risco para a integridade física e a vida, pódente matar.  
(...)"*

7.- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, MCGA, en data 24/01/2017 (folios 167 a 169), na que declara:

*"(...)*

3ª PREGUNTA: Como se realiza a alimentación e peche dos animais perigosos na quenda de tarde?

*R.: Van os dous cuidadores xuntos a realizar a alimentación e peche, con especial coidado de que queden os pasadores e candados pechados. "tirar do candado" para comprobar que está pechado.*

4ª PREGUNTA: Como é procedemento no manexo das portas interiores para a alimentación dos animais perigoso?

*R.- Primeiro, verificase que o animal que se lle vai dar de comer está fora coa guillotina pechada sen acceso a zona de alimentación, colócase o alimento, pechase a porta interior cos dous pasadores e dous candados, compróbase que están ben pechados, é ábrese a guillotina para que entre o animal e cerrase esta para quede dentro, normalmente.*

*(...)"*

8. - Declaración realizada ante o instrutor pola oficial cuidadora das instalacións de VigoZoo, MJ AP, en data 30/01/2017 (folios 186 a 188), na que declara:

*"(...)*

3ª PREGUNTA: Como se realiza a alimentación e peche dos animais perigosos (felinos, osos e lobos) na quenda de tarde segundo procedementos ou protocolos establecidos ao efecto?

*R.: Imos os dous cuidadores xuntos. Normalmente, un abre os pasadores e candados, outro bota a comida, e o outro volve a pechar os pasadores e candados comprobando que queden ben seguros. Eu persoalmente, tiro deles cara abaixo para saber se están ben pechados.*

4ª PREGUNTA: Como é procedemento no manexo das portas interiores dos animais perigosos (felinos, osos e lobos), que comunican a zona de manexo dos cuidadores cos habitáculos destes?

*R.- Cada vez que se se manexa esa porta interior, ben para limpar, ben para alimentalos, vólvese a pechar ó saír cos pasadores e candados comprobando que queden ben pechados.*

*(...)"*

9.- Declaración realizada ante o instrutor polo inculpado, oficial cuidador das instalacións de VigoZoo, con núm. persoal 83.292, en data 20/01/2017 (folios 149 a 158), na que declara:

*"3ª PREGUNTA: É vostede coñecedor de que os protocolos de VigoZoo de Oficiais Cuidadores I e II de quenda de tarde establecen expresamente que o peche dos animais e ronda de vixilancia comeza ás 20:00, 20:15 horas, e dos animais perigosos ás 20:30 horas e que o peche e alimentación destes animais perigosos (felinos, osos e lobos) deben realizalos o cuidador I e o cuidador II xuntos.?"*

*R.: Si. O día do incidente 18 de xuño de 2016, salteime o protocolo no sentido de que non fun acompañando á cuidadora B. Eu fun antes e ela foi despois, porque ela se negou a ir conmigo ás 20:00 horas aproximadamente. O motivo é que si empezamos tal como di o protocolo, non saíramos ata as 21:30 h todos os días da semana e a saída é as 21:15 horas.*

4ª PREGUNTA: O protocolo di que debe comezarse as 20:00, 20:15 horas, polo peche de nocturama e sabana africana. Por qué comeza vostede por félidos a esa hora?.

*R.: Temos que empezar polos félidos porque é a zona onde máis tempo se invirte na realización das labores."*

b) Do incumprimento das instrucións e protocolos establecidos o día 13 de xuño de 2016:

1.- Escrito de Exposición de feitos acontecidos na semana de 13 a 19 de xuño de 2016, da oficial coidadora BRP (folios 9 a 11):

*"Lunes 13 de junio.*

*Sobre las 8 de la tarde, y en presencia de mi compañera de trabajo C pregunté a mi compañero si cerrabamos los animles juntos. Su contestación fue "ti vai por arriba que eu cerro os de abaixo" (...). tuve una duda sobre el cierre de la leona y llamé a mi compañera MJ para aclararla, ya que era ella la que llevaba esa sección de mañana. Me preguntó si estaba sola cerrando a lo que yo le informé que sí. Se comunicó que yo había cerrado sola al capataz y al veterinario "*

2.- Informe do acaecido nos días anteriores ó escape de Kenia do veterinario de VigoZoo, AAR, de data 27/06/2016 (folios 26, 27):

*"Inda que nos protocolos se recolle que o peche dos animais perigosos o teñen que facer os dous coidadores da quenda de tarde, o luns día 13 de xuño, fun avisado pola coidadora dona BRP de que o seu compañeiro de traballo no quixo ir con ela facer o peche e que lle dixera que ela cerrase os animais de arriba (félidos e osos), que el pechaba os de abaixo (sabana africana). Coñecedor de esa situación, ao día seguinte falei co capataz, Don FADB, e comuniquéille que lle recordase a os coidadores de tarde a obrigatoriedade ir xuntos a facer o peche dos animais perigosos, e máis sabendo que a coidadora dona B, estaba aínda en período de formación. "*

3.- Informe sobre incidente da tigresa Kenia do capataz das instalacións de VigoZoo, FADB, de data 27/06/2016 (folios 36 e 37):

*"A semana de quenda de tarde do Sr. AA e a Sra. RP comezou o día 13 de xuño de 2016. Ao día seguinte (martes 18\*) a Sra. RP comentou que o Sr. A procedera a realizar o peche dos animais en solitario o día anterior .....*

(\*Nota. Refírese ó martes 14)

4.- Declaración realizada ante o instrutor polo inculpado, oficial coidador das instalacións de VigoZoo, con núm. persoal 83.292, en data 20/01/2017 (folios 149 a 158), na que declara:

*"5ª PREGUNTA.- Diga se é certo se o luns, día 13 de xuño de 2016, quenda de tarde, non quixo ir coa súa compañeira de traballo a realizar o peche dos animais xuntos indicándolle "ti vai por arriba (félidos e osos) que eu cerro os de abaixo (sabana africana)"?.*

*R.: Si é certo. Este planteamento do luns é o mesmo que na práctica se levou a cabo o sábado. O motivo é que dona B non quería comezar ás 20:00 h. co peche dos félidos que é o que máis tempo leva.”*

5.- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, D<sup>a</sup>. BRP, en data 24/01/2017 (folios 162 a 166), na que declara:

*“9ª.- PREGUNTA: Diga se é certo se o luns, día 13 de xuño de 2016, quenda de tarde, o empregado municipal con núm. persoal 83.292, non quixo ir con vostede a realizar o peche dos animais xuntos indicándolle “ti vai por arriba (félidos e osos) que eu cerro os de abaixo (sabana africana)”?”.*

*R.: Sí. Eu fun ó lado da taquilla onde estaba o meu compañeiro, JM e, tamén, a compañeira CGA; pregunteille se íamos ó peche dos animais xuntos e indicoume que ti “vai por arriba” que eu “vou por abaixo””.*

6.- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, D<sup>a</sup>. CGA, en data 24/01/2017 (folios 167 a 169), na que declara:

*“5ª PREGUNTA: Diga se é certo se o luns, día 13 de xuño de 2016, sobre as 20:00 horas e na súa presenza, a súa compañeira dona BRP preguntoulle a empregado municipal con núm. persoal 83.292, se ían a pechar xuntos os animais?”.*

*R.: Si.*

*6ª PREGUNTA: Diga se é certo que a contestación de empregado municipal con núm. persoal 83.292 á súa compañeira, dona BRP, foi “ti vai por arriba que eu cerro os de abaixo”?”.*

*R.: Non recordo, en concreto, o que lle dixon. A miña compañeira Dona BR marchou e eu quedei falando con D. JM un pouco e, despois, marchei. Ese día, eu non estaba de servizo. A miña xornada laboral, neste contrato, é normalmente os fins de semana e festivos en horario de mañá. No anterior contrato, facía quendas normais de mañá e tarde.”*

7.- Declaración realizada ante o instrutor polo capataz das instalacións de VigoZoo, D. FADB, en data 26/01/2017 (folios 170 a 173), na que declara:

*“8ª PREGUNTA.: A semana de quenda de tarde dos oficiais coidadores o empregado municipal con núm. persoal 83.292 e de Dona BRP, comezou o 13 de xuño de 2016. Tivo vostede coñecemento de que non se seguiron os protocolos de alimentación e peche dos animais perigosos (felinos, osos e lobos) ese día?”*

*R.: O día 14 de xuño de 2016, comentoume a Sra. RP que o Sr. A procedera a realizar o peche dos animais en solitario o día anterior.”*

8.- Declaración realizada ante o instrutor polo veterinario das instalacións de VigoZoo en data 26/01/2017 (folios 174 a 177), na que declara:

*“6ª PREGUNTA: É certo que o luns, día 13 de xuño de 2016, foi avisado pola oficial coidadora, Dona BRP, de que o seu compañeiro de traballo, empregado municipal*

con núm. persoal 83.292, non quixo ir con ela a facer o peche dos animais, dicíndolle éste que ela pechase os animais de arriba (félidos e osos) que el pechaba os de abaixo (sabana africana)?.

*R.: Sí."*

9.- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, D<sup>a</sup>. MJAP, en data 30/01/2017 (folios 186 a 188), na que declara:

*"5ª PREGUNTA: Diga se é certo se o luns, día 13 de xuño de 2016, pola tarde, recibiu unha chamada da oficial coidadora, Dona BRP, preguntándolle unha dúbida sobre o peche da leoa?."*

*R.: Sí.*

*6ª PREGUNTA: Preguntoulle vostede a oficial coidadora, Dona BRP, se estaba realizando soa o peche dos animais perigosos (felinos, osos e lobos)?. Que lle respondeu?"*

*R.: Sí. Ela respondeume que sí que estaba soa. Ese mesmo día chamei ó veterinario informándolle de que estaba soa facendo o peche."*

Segundo.- Queda probado que o capataz municipal das instalacións de VigoZoo, D. FADB, lembrou tanto por escrito coma verbalmente, en especial ós oficias coidadores, Dona BRP e ó empregado municipal con núm. persoal 83.292, a orde de ir a pechar os dous coidadores os animais (perigosos), tal e como resulta das seguintes dilixencias:

1.- Escrito de Exposición de feitos acontecidos na semana de 13 a 19 de xuño de 2016, da oficial coidadora Dona BRP (folios 9 a 11):

*"Martes 14 de junio.*

*A la llegada al puesto de trabajo, el capataz en persona y también a través del parte diario, nos comunican a mi compañero y a mi, que debemos estar juntos para el cierre de los animales. "*

2.- Informe do acaecido nos días anteriores ó escape da tigresa Kenia do veterinario de VigoZoo, D. AAR, de data 27/06/2016 (folios 26, 27):

*"Inda que nos protocolos se recolle que o peche dos animais perigosos o teñen que facer os dous coidadores da quenda de tarde, o luns día 13 de xuño, fun avisado pola coidadora dona BRP de que o seu compañeiro de traballo no quixo ir con ela facer o peche e que lle dixera que ela cerrase os animais de arriba (félidos e osos), que el pechaba os de abaixo (sabana africana). Coñecedor de esa situación, ao día seguinte falei co capataz, Don FADB, e comuniquéille que lle recordase a os coidadores de tarde a obrigatoriedade de ir xuntos a facer o peche dos animais perigosos, e mais sabendo que a coidadora dona B, estaba aínda en período de formación.*

*O martes 14 de xuño, o capataz Don FA comunicoulles verbalmente a orde de ir xuntos e deixouna reflectida por escrito no parte diario de traballo. Ese día foron*



*xuntos pero a cuidadora dona B chamoume porque o cuidador empregado municipal con núm. persoal 83.292 estaba contravindo o protocolo de peche e desatendendo unha orde verbal miña sobre o manexo dos osos. (...) “*

3.- Informe sobre incidente da tigresa Kenia do capataz das instalacións de VigoZoo, FADB, de data 27/06/2016 (folios 36 e 37):

*“(...*

*A semana de quenda de tarde do Sr. AA e a Sra. RP comezou o día 13 de xuño de 2016. Ao día seguinte (martes 18 -refírese o día 14-) a Sra. RP comentou que o Sr. A procedera a realizar o peche dos animais en solitario o día anterior. Ante tal feito, escribín en rotulador vermello no parte de incidencias e novidades do Servizo e como comunicación para quenda de tarde o seguinte: “LEMBRAR: HAI QUE IR OS 2 COIDADORES A PECHAR OS ANIMAIS. ORDE DA DIRECCIÓN TÉCNICA.*

*Nese momento (sobre as 14,00 horas aprox.) chegou o Sr. AA, ao que me dirixín dicíndolle o que acaba de escribir “hai que ir os 2 cuidadores a pechar os animais segundo a orde establecida da dirección técnico”, e que ademais el leou. Dirixíndose a min preguntoume o seguinte: ¿que pasa, protestou a rapariga?. Eu non lle contestei e me remitín ao xa dito”.*

4.- Rexistro de Novas e Incidencias de VigoZoo do día 14 de xuño de 2016, no que consta, no apartado “notas e avisos para cuidadores (...)” escrita a referida orde “LEMBRAR: Hai que ir os 2 cuidadores a pechar os animais. (Orde de dirección técnica)” (Folio 63 volta).

5.- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial cuidadora das instalacións de VigoZoo, D<sup>a</sup>. BRP, en data 24/01/2017 (folios 162 a 166), na que declara:

*“12ª PREGUNTA: Diga se é certo que o martes, 14 de xuño de 2016, o capataz de VigoZoo, D. FADB, ordenou escribindo no parte diario de incidencias e novidades do servizo e como comunicación para a quenda de tarde “LEMBRAR: HAI QUE IR 2 COIDADORES A PECHAR OS ANIMAIS, ORDE DIRECCIÓN TÉCNICA” e, tamén, comunicoullo verbalmente a vostede e ó seu compañeiro con núm. persoal 83.292?.*

*R.: Ese día o capataz informoume verbalmente que tiñamos que ir a pechar xuntos os animais perigosos e que xa o ordenara no parte de servizo diario. Non lembro se estaba o meu compañeiro presente. Despois, lin o parte e lembro que estaba escrito con letras grandes vermellas as ditas instrucións de ir os dous cuidadores pechar xuntos os animais.”*

6.- Declaración realizada ante o instrutor polo veterinario das instalacións de VigoZoo, D. ADR, en data 26/01/2017 (folios 174 a 177), na que declara:

*“7ª PREGUNTA: Ante dita información que fixo vostede?*

*R.: O día seguinte, martes, día 14 de xuño de 2016, falei co capataz e díxenlle o que me comentara a cuidadora, D<sup>a</sup>. BR, por teléfono, e deille a indicación de que lle recordara ó cuidador, con núm. persoal 83.292, a obriga de facer a alimentación e peche dos animais perigosos (felinos, osos, lobos) os dous cuidadores xuntos.*

8ª PREGUNTA: Tivo coñecemento de que o capataz transmitiu esa orde e que foi recibida polos oficias coidadores da quenda de tarde, con núm. persoal 83.292 e Dona BRP?.

*R.: Si, porque o capataz informoume ese día que llo indicara verbalmente e, tamén, que o deixara escrito no parte de incidencias e novidades.”*

7.- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, Dª. MJAP, en data 30/01/2017 (folios 186 a 188), na que declara:

“9ª PREGUNTA: Estivo vostede traballando de oficial coidadora nas instalacións do parque zoolóxico de VigoZoo na quenda de mañá o martes e mércores, días 14 e 15 de xuño de 2016?

*R.: Si.*

10ª PREGUNTA: Viu vostede a orde do capataz de VigoZoo, D. FADB, que escribiu en cor vermella no parte diario de incidencias e novidades do servizo do día 14 de xuño de 2016 e como comunicación para a quenda de tarde “LEMBRAR: HAI QUE IR 2 COIDADORES A PECHAR OS ANIMAIS, ORDE DIRECCIÓN TÉCNICA” a cal se lle mostra (folios 63 volto)?.

*R.: Si. O martes, día 14 de xuño de 2016, sobre as 14:15 horas cando fun cubrir o parte de novidades e incidencias, vin a referida orde.”*

Terceiro.- Queda probado que o inculpado, oficial coidador con núm. persoal 83.292, incumpriu novamente o día 18 de xuño de 2016, quenda de tarde, as instrucións, protocolos establecidos en VigoZoo e tamén a orde do capataz de ir a pechar xuntos os dous coidadores os animais (perigosos), tal e como resulta das seguintes dilixencias:

1.- Informe da oficial coidadora, Dona BRP de data 19 de xuño de 2016 (folio 4):

*“Informa que o día 18, ás 20:00 horas foi a buscar ao coidador con núm. persoal 83.292 para proceder ao peche dos animais, e este comunicoulle que el xa puxera todas as comidas e que soamente tiña que pechar aos animais, osos, tigresa e leóns. (...)”*

2.- Informe do propio inculpado, con núm. persoal 83.292, de data 19 de xuño de 2016 (folio 5):

*“Informa que o día 18 foi a votarlle a comida a os lince sobre as 19:45 (...), e despois foi a osos e terminou nos félidos, votándolle a comida a Martín na pía de marmol e púxolle a comida a Kenia deixando a corredeira número 7 sen abrir (...). Votoulle a comida da leona no recinto grande deixando a do león fora para meter primeiro á leona. Deixando os candados postos no pasador pero abertos. Pechou a porta exterior e foi indicarlle a coidadora Dona B como quedaban as cousas, que todo estaba listo e que lle tiña que abrir aos osos para que entrasen a comer, a Kenia abrírlle a trampilla e manexar aos leóns co procedemento habitual. Posteriormente entregoulle as chaves e foi pechar os bóvidos norte. Saíndo do parque as 21:15”:*

3.- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, D<sup>a</sup>. BRP, en data 24/01/2017 (folios 162 a 166), na que declara:

*“16<sup>a</sup> PREGUNTA: o sábado, día 18 de xuño de 2016, a que hora foi a buscar ó seu compañeiro, con núm. persoal 83.292, para efectuar a alimentación e peche dos animais perigosos?. Que lle indicou o seu compañeiro?.*

*R.: Sobre as 19:30 horas, fun á taquilla, xunto á miña compañeira C, a preguntarlle si necesita algunha cousa, díxome que non. Fun a coller as chaves de taquilla para recoller o resto de chaves para realizar o peche co meu compañeiro e non estaban. Chamei ó meu compañeiro polo talkie e informoume que as tiña el, nese intre, vino acercase, fun cara el e doume as chaves e díxome que xa lles botara de comer ós animais e que só tiña eu que pechalos, é dicir, abrir as guillotinas, deixar entrar o animal e baixalas, coa excepción dos leóns cos que se segue outro procedemento.*

*Os meus compañeiros sempre me informaron que cando se abría unha porta sempre había que volver a pechala.*

*17<sup>a</sup> PREGUNTA: o sábado, día 18 de xuño de 2016, cando realizou o peche dos animais non se dou conta se a porta da tigresa, Kenia, tiña os pasados e candados pechados?*

*R.: Tal e como reflicto na miña declaración de exposición de feitos da semana do 13 a 19 de xuño de 2016, non observei nada raro respecto das portas interiores dos tigres, xa que o meu compañeiro indicoume que el xa colocara a alimentación polo que eu so tiña que pechalos (metelos dentro manexando as guillotinas).”*

Cuarto.- Queda probado que o domingo, día 19 de xuño de 2016, a primeira hora da quenda de mañá, a tigresa Kenia tiña a porta do seu recinto aberta cara a zona de manexo dos coidadores creando un potencial risco para a seguridade dos coidadores de VigoZoo, en especial, para a oficial coidadora, Dona MCGA, que esa mañá entrou na zona de manexo dos coidadores en contacto directo coa tigresa Kenia.

Así resulta das seguintes dilixencias:

1.- Informe do escape de Kenia do veterinario das instalacións de Vigozoo, D. AAR, de data 19 de xuño de 2016, no que relata a situación que se atopa a tigresa ese día coas porta do seu recinto aberta de par en par e as medidas de seguridade e accións que tivo que adoptar (folios 2 e 3).

2.- Declaración realizada ante o instrutor polo veterinario das instalacións de VigoZoo, D. AAR, en data 26/01/2017 (folios 174 a 177), na que declara:

*“12<sup>a</sup> PREGUNTA: Describa o relato dos feitos do domingo, día 19 de xuño de 2016, en relación coa incidencia da tigresa “Kenia”.*

*R.: Sobre as 8:45 horas da mañá, chamoume a coidadora CG indicándome que a tigresa “Kenia” saíra do recinto e estaba na zona de manexo de coidadores. Indiqueilles que pecharan a porta, que foran buscando certo material de contención e que non entraran no recinto ata que eu chegase. O chegar avisei a unha das monitoras do campamento de nenos que había no parque para que non deixaran*

*saír ós nenos ata que tivera noticias miñas, e acerqueime a zona de felinos para ver a situación e tomar as medidas pertinentes. Comprobei que a porta interior que comunica o habitáculo da tigresa coa zona de manexo dos cuidadores estaba aberta, e que a tigresa estaba tumbada dentro do seu habitáculo. Como a tigresa tiña un carácter dócil, posiblemente por ser un animal que estivo no circo, carecía de garras nas patas de adiante, entrei e rapidamente pechei a porta. Inda así, recoñezo o perigo xa que o tigre é un animal perigoso e resulta imprevisible.*

13ª PREGUNTA: Que perigo conlevou a saída da tigresa “Kenia” do seu habitáculo á zona de manexo dos cuidadores dos felinos o domingo, día 19 de xuño de 2016?

*R.: Que puido atacar á cuidadora que foi atender esa sección o domingo pola mañá.”*

3.- Declaración realizada ante o instructor pola oficial cuidadora das instalacións de VigoZoo, Dª. CGA, en data 24/01/2017 (folios 167 a 169), na que declara:

“7ª PREGUNTA: Relate brevemente os feitos acontecidos na mañá do domingo, 19 de xuño de 2016, en relación coa incidencia da saída do seu recinto da tigresa “Kenia”?

*R.: Eu estaba na quenda de mañá o domingo, día 19 de xuño de 2016, na sección de félicos. Sobre as 8:15 h, fun ó recinto da zona de manexo de félicos (leóns, tigres, pantera ...), cando abrín a porta, encendín as luces -están a un metro e medio da porta no interior-, chamoume a atención que a fregona do tigre Martín estaba tirada no solo da zona de manexo, ó xirar a vista vin algo vermello –o cubo da fregona- dentro do habitáculo da tigresa “Kenia” e a porta aberta. Dita porta da tigresa, Kenia, está na esquina dereita do recinto de manexo e non se observa desde a porta de acceso ó recinto de manexo de animais. Cando me din conta da situación, saín, pechei a porta de acceso ó recinto de manexo e chamei por talkie ó meu compañeiro, S, o cal abriu a porta e manifestou que Kenia estaba realmente no recinto de manexo de félicos, volvendo pechar a porta de acceso de inmediato. De seguido, chamei ó veterinario dende o meu teléfono persoal que dou orde de que non entrará ninguén ata que el chegara.”*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

1.- Sobre as alegacións presentadas (doc. 170092549).

A) Alega o traballador municipal con núm. persoal 83.292 a nulidade do procedemento debido a existencia de diversos vicios na tramitación do expediente administrativo.

O motivo debe ser desestimado.

En primeiro termo, compre poñer de manifesto que o actor limitase a afirmar, de forma xenérica, a nulidade do procedemento sen invocar en que concreto suposto de nulidade se incorre, supostos que están previstos legalmente como causas de nulidade e que están taxativamente enumerados. Dita omisión xustificaría, por si mesma, a desestimación da alegación.

Con independencia do anteriormente exposto, en aplicación do principio *pro actione* e co obxecto de constatar a non existencia de posibles causas de nulidade de pleno dereito no procedemento administrativo tramitado co número de ref. 7723/612, as cales poden ser apreciadas de oficio, pódese concluír que non se aprecian ditas causas.

En primeiro termo, e con anterioridade a analizar o suposto vicio procedimental alegado, compre poñer de manifesto que é reiterada a xurisprudencia do Tribunal Supremo que dispón que non todos os vicios ou infraccións cometidos durante a tramitación dun expediente teñen entidade xurídica suficiente para amparar unha pretensión anulatoria por causa formal, posto que a nulidade das actuacións administrativas só debe estimarse ante gravísimas infraccións do procedemento que impida o nacemento do acto administrativo ou produza indefensión dos administrados, polo que favorece sempre a tendencia á redución da virtude invalidante, de tal xeito que con anterioridade de adoitar unha solución tan extrema teñan sido tomadas en consideración todas as circunstancias concorrentes, impostas pola importancia e consecuencia dos vicios denunciados, a entidade do dereito afectado e a posición dos interesados no expediente, xa que doutra forma se incorrería en un extremado formalismo repudiado na propia Lei, coa consecuencia de danar gravemente a operatividade da actuación administrativa (STS 07/03/1988; 13/03/1991, entre outras).

Neste senso, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (aplicable o presente procedemento en virtude da Disposición Transitoria Terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas), establece no seu artigo 63.2 que o defecto de forma so determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para acadar o seu fin ou dea lugar a indefensión dos interesados. A doutrina do Tribunal Constitucional respecto dos defectos procedimentais establece que só son constitutivos de vulneración de indefensión constitucionalmente proscriba cando son causantes dun prexuízo real e efectivo, isto é, dunha merma definitiva da posibilidade de alegar, contradicir e probar (STC 161/1985; 48/1986; 14/1999; 81/2000; 87/2001; 174/2001). Segundo o que vai dito, a indefensión constitucionalmente relevante é a situación na que, trala infracción dunha norma procesual se impide a algunha das partes o dereito á defensa, eliminando ou limitando a potestade de, ben de alegar dereitos e intereses para que lle sexan recoñecidos, ou ben de replicar dialecticamente as posicións contrarias, debendo ter a devandita indefensión carácter material e non meramente formal, o que implica que non é suficiente coa existencia dun defecto ou infracción procesual, senón que debe haberse producido un efectivo e real menoscabo do dereito de defensa ( STC 145/1990; 89/1999; 210/1999, entre outras).

Dito o anterior, e preciso analizar o concreto vicio de procedemento denunciado polo actor e, de existir, a súa incidencia anulatoria no presente procedemento disciplinario.

Pois ben, alega o empregado municipal con con núm. persoal 83.292 que non se lle permitiu estar presente nas declaracións e que non consta no expediente administrativo a notificación a súa persoa de tal información, considerando infrinxido o art. 25 do Decreto 94/1991, do Réxime Disciplinario dos Funcionarios da Xunta de Galicia, o cal considera de aplicación supletoria.

É evidente que o actor confunde as dilixencias que o instrutor pode ordenar practicar na fase previa do procedemento para a determinación e comprobación dos feitos susceptibles de sanción-artigo 21 do Decreto 94/1991, de 20 de marzo-, coa fase probatoria deste recollida nos artigos 23 e seguintes do mesmo texto legal. Examinado o expediente administrativo, comprobouse que se seguiron as fases do procedemento e se respectou o principio de contradición.

Neste senso, compre poñer de manifesto que no ámbito das garantías do proceso equitativo se atopa o dereito a ser informado da acusación, o cal se conecta co dereito de defensa contraditoria. O dereito de ser informado da acusación, expresa e autonomamente recollido na Constitución, constitúe o primeiro elemento do dereito de defensa no ámbito sancionador. No caso que nos ocupa, no prego de cargos notificado ao inculpado en data 25.05.17, que é onde se inicia a verdadeira contradición, se determinaban con precisión os elementos esenciais dos feitos sancionables e a súa cualificación xurídica co obxecto de que o inculpado puidera exercer o seu dereito de defensa, propoñendo as probas que considerara oportuno, prego de cargos que recollía as declaracións tomadas polo instrutor na fase previa, incluída á do propio inculpado. É nese momento procesual onde o inculpado pode propoñer proba e alegar canto estime conveniente en defensa dos seus intereses, como así fixo (folios 226 e 227 do expediente administrativo), non constando que solicitara como proba testifical a de ningún dos declarantes na fase previa. É evidente que se non o solicitou foi porque non o consideraba necesario para exercer o seu dereito de defensa.

Tamén é preciso sinalar que o inculpado era plenamente coñecedor do contido do expediente nese momento procesual xa que consultou o mesmo en datas 26.05.17 e 31.05.17, tal e como consta das dilixencias de comparecencia incorporadas ao expediente (folios 215 e 222), consulta que foi previa á presentación por parte do inculpado das alegacións ao prego de cargos (02.06.17, DOC. 170079309).

De conformidade co que vai dito, pode concluírse que se seguiron as fases do procedemento legalmente establecido e se respectou o principio de contradición.

B) Alega que non se practicou a proba proposta vulnerando, tal circunstancia, o seu dereito de defensa, solicitando a práctica desta.

A constante xurisprudencia do Tribunal Constitucional describe o dereito da parte a propoñer proba non como un hipotético dereito a levar a cabo unha actividade probatoria ilimitada en virtude da cal as partes están facultadas para esixir calesqueira probas que teñan a ben propor, senón que atribúe como o dereito á recepción e práctica das que sexan pertinentes (STC 168/1991; 211/1991; 205/1998; 96/2000; entre outras).

Polo que se refire á consideración da importancia de tomar declaración ó oficial coidador D. JASH, con independencia de que a devandita declaración non se propuxo como proba nas alegacións do inculpado ó prego de cargos, e tal e como manifestou o instrutor do procedemento na proposta de resolución, a mencionada declaración sería irrelevante por canto a circunstancia de que a tigresa Kenia estaba solta na maña do día 19 de xuño non é un feito controvertido no presente expediente.

De conformidade có anteriormente exposto, a alegación debe ser desestimada.

C) Alega que, en canto o cargo terceiro que se lle imputa, se lle esta a impoñer dúas sancións pola comisión duns mesmos feitos vulnerando o principio non bis in idem.

Para que se entenda vulnerado o principio xeral do dereito de «non bis in idem» a xurisprudencia esixe unha dualidade de sancións por idéntico suxeito, feito e fundamento (STC 221/1997). A devandita triple identidade (feitos, suxeito e fundamento) constitúe o presuposto de aplicación da interdicción constitucional de incorrer en «bis in idem», e delimita o contido dos dereitos fundamentais recoñecidos no art. 25.1 da Constitución, xa que estes non impiden a concorrencia de calesqueira sancións e procedementos sancionadores, nin sequera se estes teñen por obxecto os mesmos feitos, senón que os mencionados dereitos fundamentais consisten en non padecer unha dobre sanción e non ser sometido a un dobre procedemento punitivo, polos mesmos feitos e co mesmo fundamento.

O cargo terceiro que se lle imputa o actor reza literalmente como segue:

*“Terceiro.- Queda probado que o inculpado, oficial cuidador con núm. persoal 83.292, incumpriu novamente o día 18 de xuño de 2016, quenda de tarde, as instrucións, protocolos establecidos en VigoZoo e tamén a orde do capataz de ir a pechar xuntos os dous cuidadores os animais (perigosos), tal e como resulta das seguintes dilixencias: (...).”*

No caso que nos ocupa é evidente que a actuación do inculpado que se describe no cargo terceiro é constitutiva de dous infraccións distintas contempladas no Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral): A tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado “1.- A falta de obediencia debida a superiores e autoridades”; e a tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado “14.- A grave perturbación do servizo”.

Non fai falla facer razoamentos xurídicos profundos para chegar a conclusión de que a dobre tipificación feita polo Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral) responde a distintos fundamentos e, por ende, ten como obxectivo a protección de bens xurídicos distintos:

- «Grave perturbación do servizo»: No caso analizado, a perturbación do servizo se produce desde o mesmo momento en que o inculpado obstaculiza aos seus compañeiros o correcto exercicio das funcións a realizar, isto é, seguir os protocolos que establecen que o peche dos animais potencialmente perigosos o deben facer os dous cuidadores xuntos. A actuación do inculpado nos días relatados incide directamente nas funcións a realizar pola súa compañeira.

- «A Falta de obediencia debida a superiores e autoridades»: Neste caso, queda probada a existencia dunha orde clara e terminante, dirixida en forma axeitada polo superior -o capataz- no exercicio das súas competencias ao interior -inculpado- e fronte a ela, este último adoptou unha actitude consciente e inustificada de oposición ó seu cumprimento, vulnerando a autoridade que o superior exerce.

De conformidade co anteriormente exposto, a alegación debe ser desestimada.

D) Alega que non se lle pode imputar o feito de que se efectuase o peche dos animais perigosos por separado e que non foi él quen pechou indebidamente os candados.

En primeiro termo, cómpre poñer de manifesto que no presente procedemento non se está a sancionar o feito de que quedaran os candados abertos, senón o incumprimento polo inculpado dos protocolos e instrucións establecidos, así como da orde directa emitida por un superior.

Polo que se refire o feito de que non se lle pode imputar ó inculpado a realización do peche dos animais perigosos por separado, examinado o expediente administrativo, hai material probatorio suficiente respecto dos feitos que aconteceron e, sobre todo, porque foron recoñecidos polo propio inculpado.

Dunha interpretación racional dos feitos que constan no expediente, pode concluírse que non é certo que a cuidadora, dona BRP, se negara a realizar o peche dos animais perigosos en compañía do inculpado os días 13 e 18 de xuño de 2016.

É máis, como consta no feito probado primeiro foi a propia cuidadora, Dona BRP, no día 13 de xuño de 2016, a que requiriu sobre as 20:00 horas ó inculpado para ir a pechar xuntos os animais perigosos. Isto resulta non só da declaración da cuidadora, senón tamén do resto de probas que se citan neste feito, a saber:

- Informe do acaecido nos días anteriores ó escape de Kenia do veterinario de VigoZoo, AAR, de data 27/06/2016 (folios 26, 27).

- Informe sobre incidente da tigresa Kenia do capataz das instalacións de VigoZoo, FADB, de data 27/06/2016 (folios 36 e 37).

- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial cuidadora das instalacións de VigoZoo, D<sup>a</sup>. CGA, en data 24/01/2017 (folios 167 a 169), na que declara:

“5ª PREGUNTA: Diga se é certo se o luns, día 13 de xuño de 2016, sobre as 20:00 horas e na súa presenza, a súa compañeira dona BRPaz preguntoulle a empregado municipal con núm. persoal 83.292, se ían a pechar xuntos os animais?.

R.: Si.”

- Declaración realizada ante o instrutor polo capataz das instalacións de VigoZoo, D. FADB, en data 26/01/2017 (folios 170 a 173).”

- Declaración realizada ante o instrutor polo veterinario das instalacións de VigoZoo en data 26/01/2017 (folios 174 a 177).

- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial cuidadora das instalacións de VigoZoo, D<sup>a</sup>. MJAP, en data 30/01/2017 (folios 186 a 188).

Tamén, o propio inculpado no seu informe de data 19 de xuño de 2016 (folio 5) recoñece que o día anterior -18 de xuño- foi en solitario a realizar a alimentación dos animais perigosos, e en ningún momento desesa declaración, ou nun momento anterior ó longo da semana -por exemplo, cando recibiu a orde directa do capataz- manifestou que o motivo de que fose en solitario fose causa dunha discordancia coa súa compañeira sobre o horario de peche deste animais.

Polo exposto, procede desestimar a alegación.

#### E) Alega a incorrecta cualificación dos tipos infractores dos feitos declarados probados.

O Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, tipifica como falta disciplinaria de carácter grave, no artigo 26, Faltas graves, apartado “1.- A falta de obediencia debida a superiores e autoridades”.

É evidente que os feitos probados segundo e terceiro incardínanse, claramente, no tipo infractor sinalado, no senso de que existiu unha orde clara e terminante, dirixida en forma axeitada polo superior -o capataz- no exercicio das súas competencias ao interior -inculpado- e fronte a ela, este último adoptou unha actitude consciente e inustificada de



oposición ó seu cumprimento, vulnerando a autoridade que o superior exerce. Polo tanto, é correcta a cualificación do feito probado.

O Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, tipifica como falta disciplinaria de carácter grave, no artigo 26, Faltas graves, apartado "14.- A grave perturbación do servizo". Como xa se ten dito, no caso analizado, a perturbación do servizo se produce desde o mesmo momento en que o inculpado obstaculiza aos seus compañeiros o correcto exercicio das funcións a realizar, isto é, seguir os protocolos que establecen que o peche dos animais potencialmente perigosos o deben facer os dous cuidadores xuntos. A actuación do inculpado no días relatados incide directamente nas funcións a realizar pola súa compañeira.

Polo exposto, procede a desestimación da alegación.

#### F).- Alega a falta de proporcionalidade da sanción imposta

O artigo 189, apartado a), da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia sancionada a comisión das infraccións graves coa imposición de "*Suspensión firme de funcións, ou de emprego e soldo en no caso do persoal laboral, por un período de entre quince días e tres anos*".

No presentado caso, estase a impoñer a sanción no seu grao mínimo polo que non se está a infrinxir o principio de proporcionalidade, máxime, tendo en conta, que estamos a falar de protocolos, instrucións e ordes relativas a animais potencialmente perigosos (leóns, tigres, oso ...) que é notorio que poden causar a morte das persoas.

Polo anteriormente exposto, procede desestimar a alegación.

#### 2.- Sobre a Valoración dos feitos

Os feitos acreditados permiten apreciar un comportamento irregular polo presunto inculpado, o empregado municipal con núm. persoal 83.292, ó incumprir as instrucións e protocolos establecidos para as funcións do seu posto de traballo e a orde directa dun superior -realizar a alimentación e peche dos animais perigosos en quenda tarde os dos cuidadores xuntos- o que, en definitiva, conlevou ó incorrecto peche da Tigresa Kenia nas súas instalación o día 18 de xuño de 2016, quenda de tarde, e saída desta cara a zona de manexo dos cuidadores expoñendo a un potencial risco para a súa integridade física á cuidadora de VigoZoo, que ó día seguinte, domingo pola mañá, 19 de xuño de 2016, entrou no referido recinto de manexo de cuidadores en contacto directo coa tigresa, animal cualificado como perigoso. A situación creada orixinou, ademais, outros prexuízos, tendo que adoptar medidas de seguridade coa colocación de vallas, impedindo ós nenos que se atopaban de acampada en VigoZoo que saíran ó exterior e ter que acudir ó Veterinario municipal ás instalacións para xestionar todas estas medidas e proceder ó peche do animal no seu recinto con exposición directa novamente coa tigresa.

#### 3.- Tipificación da infracción

- O feito probado segundo e terceiro son constitutivos **dunha falta disciplinaria de carácter grave, tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado "1.- A falta de obediencia debida**

**a superiores e autoridades” do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral)**, publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, aplicable en virtude do disposto no artigo 95.3. do Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e artigo 186.2. da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, sendo responsable destas o inculpado, con núm. persoal 83.292.

- Os feitos probados primeiro, terceiro e cuarto son constitutivos **dunha falta disciplinaria de carácter grave, tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado ”14.- A grave perturbación do servizo” do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral)**, publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, aplicable en virtude do disposto no artigo 95.3. do Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e artigo 186.2. da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, sendo responsable destas o inculpado, con núm. persoal 83.292.

Ao abeiro do establecido no artigo 189 da citada Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, ditas faltas coa consideración de **graves** dan lugar á imposición dalgunha das **seguintes sancións**:

*“ a) Suspensión firme de funcións, ou de emprego e soldo en no caso do persoal laboral, por un período de entre quince días e tres anos.*

*No suposto del persoal funcionario interino e de persoal laboral temporal, a suspensión de funcións o de emprego e soldo implica tamén a exclusión da totalidade das listas de espera ou bolsas de emprego que se encontran vixentes no momento de impoñerse a sanción por un período de un ano e un día, ou polo mesmo período de duración da suspensión se este fora superior.*

*b) Traslado forzoso con cambio de localidade por un período de un ano, que impedirá obter destino, por ningún procedemento, na localidade desde a cal se produciu o traslado.*

*c) Traslado forzoso sen cambio de localidade por un período de un ano.*

*d) Demérito, que pode consistir nalgunha das seguintes medidas:*

*– Pérdida de un grao no sistema de carreira horizontal e privación do dereito a ser avaliado para o ascenso de grao por un período de entre seis meses e dous anos.*

*– Imposibilidade de participar en procedementos de provisión de postos ou de promoción interna por un período de entre seis meses e dous anos.*

*– Prohibición de ocupar os postos que regulamentariamente se determinen por un período de entre seis meses e dous anos. “*

#### 4.- Cuantía das sancións

O artigo 96.3. da Rdl 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que *“o alcance de cada sanción establecerase tendo en conta o grao de intencionalidade, descoido ou negligencia que se revele na conduta, o dano ó interese público, a reiteración ou reincidencia, así como o grao de participación”*.

O artigo 191, apartados 2 e 3, da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

*"2.- A determinación do alcance de cada sanción, dentro da graduación establecida neste capítulo, efectuarase tomando en consideración as seguintes circunstancias:*

- a) O grao de intencionalidade, descoido ou negligencia que se revele na conduta.*
- b) O dano producido ós intereses públicos ou de particulares.*
- c) A reiteración, por comisión no termo dun ano doutra infracción de distinta natureza, ou a reincidencia, por comisión no termo dun ano de mais dunha infracción da mesma natureza, en ambos casos cando así se declarara por resolución firme en vía administrativa. A estos efectos, no se computarán las sanciones canceladas.*
- d) O grao de participación."*

No caso que nos ocupa existe unha evidente intencionalidade e negligencia do inculpado toda vez que a pesar de recibir unha orde directa do capataz lembrándolle a obriga dos dous coidadores xuntos a pechar os animais perigosas o día 14/06/2016, ante a situación irregular que se producira o día anterior, de non pechar os animais perigosos os dous coidadores xuntos, volve a incumplir as instrucións, protocolos e orde ditada o día 18/06/2016 o non realizar o peche dos animais perigosos xunto coa súa compañeira, BRP, con perturbación grave do servizo.

Afortunadamente non se produciron danos persoais, pero resulta evidente a situación de potencial risco creada.

Polo exposto, considerase axeitada a imposición da sanción de suspensión de emprego e soldo por un período de tres meses, desglosada da seguinte forma:

- a) Pola comisión dunha falta disciplinarias de carácter grave, tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado *"1.- A falta de obediencia debida a superiores e autoridades"* do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, a sanción de suspensión de emprego e soldo por un período de un mes ao abeiro do artigo 189.a) da citada Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia,
- b) Pola comisión dunha falta disciplinarias de carácter grave, tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado *"14.- A grave perturbación do servizo"* do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, a sanción de suspensión de emprego e soldo por un período de dous meses ao abeiro do artigo 189.a) da citada Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia,

## 5.- Procedemento

O procedemento disciplinario seguido resulta do establecido no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común de acordo coa Disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## 6.- Competencia

É órgano competente para resolución do procedemento disciplinario a Xunta de Goberno Local o abeiro do artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a proposta do concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica en virtude da delegación de competencias efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015,

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos,

## **PROPONSE**

**Primeiro.-** Desestimar as alegacións presentadas polo empregado municipal con con núm. persoal 83.292, (doc. 170092549) polos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva desta resolución.

**Segundo.-** Impoñer ó empregado municipal con núm. persoal 83.292, a sanción de suspensión de emprego e soldo por un período de tres meses, desglosada da seguinte forma:

a) Pola comisión dunha falta disciplinarias de carácter grave, tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado “1.- *A falta de obediencia debida a superiores e autoridades*” do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, a sanción de suspensión de emprego e soldo por un período de un mes ao abeiro do artigo 189.a) da citada Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia,

b) Pola comisión dunha falta disciplinarias de carácter grave, tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado “14.- *A grave perturbación do servizo*” do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, a sanción de suspensión de emprego e soldo por un período de dous mes ao abeiro do artigo 189.a) da citada Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia,

**Terceiro.-** Informar ó interesado que conforme ó previsto nos artigos 2.6, 10, 69, 114.1 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, contra o presente acordo que é definitivo en vía administrativa, poderá interpoñer a correspondente demanda no prazo de vinte días hábiles posteriores á notificación deste acordo de sanción, ante o Xulgado do Social de Vigo, ou, a súa elección, o que resultara competente por razón do seu domicilio, si este radica en Galicia. Isto, sen prexuízo de exercitar calquera a outra acción que estime procedente.

Cuarto.- Informar, tamén, do presente acordo ó Comité de Empresa do Concello de Vigo en virtude do disposto no artigo 25 do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo."

## **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(653).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN: “ACTUACIÓNS PREPARATORIAS ORIENTADAS AO DESENVOLVEMENTO DO 3º PROGRAMA PARA PINTADO DE**

## **MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA". EXPTE. 8521/307.**

Visto o informe de fiscalización do 28/06/17, dáse conta do informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación:

### **"LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública" (8.521-307)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Excluir deste procedemento a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública" (8.521-307) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	<b>90,26</b>
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI)	<b>89,00</b>
3	ORECO, S.A.	<b>36,17</b>

**Terceiro.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.006,74 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 26 de xuño de 2017, que presenta a documentación requirida o 28 de xuño, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xuño de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 14 e 20 de xuño de 2017, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307) por un prezo total de 234.664,53 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez